

Guía para a descrición dun espazo coñecido

- Trátase de elaborar a presentación global dun espazo de interese e mais tantas descricións específicas como integrantes teña o grupo. Un exemplo, mellorábel: goo.gl/AjkxH8.
- A versión definitiva (en papel ou dixital) entregárase como máximo o luns 18 de febreiro.

► PLANIFICACIÓN. Anotade o seguinte nunha folla de grupo.

1. A **escolla do lugar xeográfico concreto** que o grupo recomendaría visitar. As propostas: Castelo da Rocha Forte, Bugallido, Pazo da Peregrina, Pazo do Faramello, Rúa de Francos, Muíños de Riamonte, Ponte Maceira e O Milladoiro rururbano.
2. A **presentación global** dese sitio: que inclúe, onde se atopa, que valores turísticos (ou ambientais, artísticos...) ten.
3. Os **datos prácticos** seguintes: acceso desde o noso instituto, servizos dispoñíbeis, horarios.
4. A escolla de **imaxes que ilustren a guía** (indícase agora como poden ser e búscanse logo).
5. A escolla, consensuada, **dunha orde determinada** entre as posíbeis na descrición espacial.
6. O acordo no grupo sobre os **puntos concretos dese lugar** que interesa presentar e a **repartición destes entre os integrantes** (anótase o nome de cada alumno e punto asignado).

► REDACCIÓN. Dentro do grupo pero individualmente, create os borradores deste xeito.

1. **Enfoca o lugar concreto que che tocou e revisa o léxico** traballado para **escoller os substantivos** pertinentes, referentes á natureza e/ou á arquitectura e/ou ao mobiliario urbano... Apunta eses substantivos seguindo a orde antes decidida. *Por exemplo (a respecto da imaxe): cons, areal, piñeiral...*
2. A eses substantivos máis relevantes visualmente, **engádelles adxectivos significativos e variados**. Considera tamén comparacións suxestivas. *Como: cons pequeneiros, gamelas vellas, areal como media lúa...*
3. **Redacta** a primeira versión do texto **segundo a orde espacial** escollida. No exemplo:
Un rochedo miúdo ao pé dun piñeiral pecha a zona da praia de Cabío cara a Palmeira. Os cons, aínda que pequeneiros, abrigan aínda máis a media lúa do areal e acollen de maneira habitual vellas gamelas. Por enriba, nun outeiriño, os piñeiros permiten gozar da sombra sobre o mar...



► REVISIÓN. Poñede en común as descricións individuais e mellorade colectivamente os textos.

- Asegurádevos de que se aprecia unha orde espacial, de que hai marcadores que facilitan a situación, adxectivos relevantes...
- Afinade a presentación dos lugares, dos monumentos de interese, dos accesos (en diferentes medios de transporte desde O Milladoiro), dos servizos dos que se dispón alí... Se é pertinente, engadide itinerarios ou datos culturais.

MARCADORES ESPACIAIS

- **Do xeral ao particular (e ao revés):** *polas marxes, arredor (de), ao longo de...*
 - **De esquerda a dereita (e ao revés) – de arriba a abaixo (e ao revés):** *á esquerda, á dereita, no medio, a ambos os lados, máis arriba, máis abaixo, enriba, debaixo, xunto a, ao lado (de)...*
 - **Desde o que máis destaca ao que menos – desde o próximo ao afastado (e ao revés):** *en primeiro termo, diante, atrás, detrás (de), preto (de), lonxe (de), ao lonxe, ao lado (de), xunto a, ao fondo, no fondo, enfrente, fronte (a)...*
 - **De fóra a dentro (e ao revés):** *máis adiante, a continuación, no exterior, no interior, dentro, fóra...*
- Comprobade que tedes oracións claras, non longas, sen repeticións innecesarias e ben puntuadas. Ou sexa, garantide unha cohesión axeitada no texto.
 - Consultade as dúbidas a respecto da norma para evitar desvíos, faltas e incorreccións.
 - Pasade a limpo, engadide as imaxes e entregade en tempo.